

FICHA DE TRABALLO INVESTIGACIÓN PATRIMONIO CAMIÑO DE INVERNO

- *Nome do Monumento:* A fonte dos meniños
- *Fotos:*



- *Estado de Conservación:* Encontrábase nunha situación deplorable e sen auga potabilizada, recentemente foi arreglada e habilitada para consumo, construíndo unha preciosa pasarela de madeira para poder acceder ata onde se achegaban os fieis.
- *Situación do monumento:* (*google maps*) Atópase no Monte Faro **Coordenadas** UTM: 29 T 0541209 4737139 (Datum: WGS 84)



- Descripción:* A esta fonte asociánselle poderes curativos, lavaban os nen@s para curarse do enghanadiño; que era unha enfermidade que lles afectaba a enerxía, que a manifestaban cruzando as pernas. Para curarse tiñan que pasar a criatura por debaixo dunha pedra que facía da ponte. Entre dúas mulleres pasábanse os nenos dun lado para o outro durante 9 veces repetindo un diálogo. Logo de rematar o ritual encendían unha vela e se se apagaba o neno ía morrer mentres que se quedaba encendida o neno ía curar. Alí deixábase a roupa que levaba o neno e cartos ao lado dun carballo.
- Historia, breve resumo:* Non está moi claro a época a que pertence. crese que ten entre mil e dous mil anos. Cadran entre o século IX, X, XI O termo non define unha forma artística particular, senón calquera manifestación artística aparecida entre o período clásico romano e a arte románica. Utilizaban as pedras abovedadas, con dimensións pequenas e deseñaban as fachadas cas novas convencións da arquitectura medieval.
- Dato curioso:* As propiedades curativas das augas con determinados componentes minerais coñécense dende antigo. Os Romanos foron un pobo que explotou e organizou estes recursos, deificándoos con deuses e ninfas acuáticas para suliñar o seu poder curativo e polo tanto sagrado. Posteriormente a igrexa cristianizou estes lugares de culto con nomes e advocacións cristiáns. Pero os cultos e rituais, como este dos meniños perviven e cruzan o tempo e as culturas para chegar a nós.